

ACTA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA
26 de xuño de 2018

ASISTENTES:

- | | |
|------------------|---|
| – Presidente | D. José María Fernández Vázquez |
| – Vicepresidente | D. Miguel Ángel Yebra Varela |
| – Tesoureiro | D. José Luis Fernández Fernández |
| – Vogal | D. Edelmiro Currás Pérez |
| – Vogal | D. Rubén Pascual Rovira |
| – Vogal | D. José María Vadillo Lopera |
| – Secretaria | D ^a Concepción Mumary Ruibal |

En Vilarchán nº 94 (Ponte Caldelas), cando son as 11:00 h, comeza a xuntanza para tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior

Unha vez lida, queda aprobada por unanimidade.

2º. Estruturação organizativa da xunta directiva

Segundo os Estatutos, algúns dos cargos xa teñen definidas as súas competencias:

Artigo 22º: Presidente:

- Convocar e presidir tanto as sesións da Asemblea xeral coma as da Xunta Directiva.
- Ostentar a Dirección da Asociación.
- Representar oficialmente a Entidade.
- Conformar e autorizar os documentos así como as ordes de pagamento.

Artigo 23º: O Vicepresidente terá as mesmas atribucións que o Presidente cando teña que substituílo, nos casos de ausencia, enfermidade ou vacante. O Presidente poderá así mesmo delegar no Vicepresidente tódalas funcións que estime necesarias.

Artigo 24º: Secretaria:

- Custodiar e levar os libros de Actas e de rexistros de soci@s, documentos e corimbos da Asociación.
- Estender as actas das reunións e expedir as certificacións oportunas co visto e prace do Presidente

Artigo 25º: Tesoureiro:

- Custodiar os fondos da Asociación e levar en orde os libros de contabilidade.
- Preparar os balances e os orzamentos da Asociación para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.

- c) Autorizar, xunto co Presidente, a disposición de fondos conxuntamente. A falta de un deles poderá asinar conxuntamente outro dos directivos por esta orde:
- 1.- Presidente e Vicepresidente
 - 2.- Tesoureiro e Vicepresidente.
- d) A falta de un deles poderá asinar un dos mencionados anteriormente con outro dos directivos.

Artigo 26º: Os Vogais auxiliarán aos membros da directiva citados anteriormente e serán presidentes das diferentes comisións de traballo se estas se constituíran. O vogal de menos idade fará as veces de secretario en ausencia do mesmo

As **comisións** necesarias nesta Xunta Directiva para levar a Asociación a partir deste momento, serán as seguintes:

- 1) Páxina web e Redes Sociais (Reportaxes e crónicas de actos, excursións...): Miguel Yebra.
- 2) Comunicacions de Actividades Culturais (Viaxes culturais complementarias á Universidade), deseño e reportaxe das mesmas: Rubén Pascual e Miguel Yebra
- 3) Organización Académica e corporativa: José M^a Vadillo

3º. Avance programación-marco para o curso 2018-2019

- Renovar a Xunta Directiva en Abril de 2019
- Facer unha visita cultural complementaria ás da Universidade en cada cuadrimestre.
- Realizar a visita ao Parque Arqueolóxico de Campolameiro a principio de curso como convivencia inicial.
- Potenciar a difusión dos obradoiros que se levan a cabo no noso Campus, así como do Club de Lectura que compartimos co Ateneo e o Coro Universitario.
- Impartir como Asociación, a principio de curso, un Obradoiro de Informática e uso das TICs que se empregan na UVigo.
- Reservar a Casa das Campás unha vez ao mes como en cursos anteriores.
- Programar e realizar Visitas ao Museo de Pontevedra e ao Porto de Marín.
- Organizar algunha saída fóra de Pontevedra.

4º. Rogos e preguntas

Non hai

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión cando son as 14:00 h.

A SECRETARIA

v. e pr.
O PRESIDENTE